

Ana Isabel Boullón Agrelo (2015): “As copias como testemuños lingüísticos: a lingua galega no manuscrito V da Crónica de Iria (s. xvii)”, en Francisco Dubert García / Gabriel Rei-Doval / Xulio Sousa (eds.): *En memoria de tanto miragre. Estudos dedicados ó profesor David Mackenzie*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 51-73.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

Instituto da Lingua Galega

En memoria de tanto miragre

ESTUDOS DEDICADOS Ó PROFESOR DAVID MACKENZIE

Edición ó coidado de
Francisco Dubert García
Gabriel Rei-Doval
Xulio Sousa

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En memoria de tanto miragre

INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

EN MEMORIA DE TANTO MIRAGRE
Estudos dedicados ó profesor
David Mackenzie

Edición ó coidado de
FRANCISCO DUBERT GARCÍA
GABRIEL REI-DOVAL
XULIO SOUSA

2015

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En memoria de tanto miragre : estudos dedicados ó profesor David Mackenzie / edición ó coidado de Francisco Dubert García, Gabriel Rei-Doval, Xulio Sousa. – Santiago de Compostela : Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2015. – 261 p. ; 24 cm.

Precede ó tít.: Instituto da Lingua Galega

D.L. C 1193-2015. – ISBN: 978-84-16183-96-8

1. Mackenzie, David – Crítica e interpretación. 2. Galego (Lingua). 3. Galego-portugués (Lingua)— Antes de 1500. 4. Literatura galega. 5. Literatura española. 6. Lingüística histórica iberorrománica. I. Dubert García, Francisco, ed. lit. II. Rei-Doval, Gabriel, ed. lit. III. Sousa, Xulio, ed. lit. IV. Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, ed. V. Instituto da Lingua Galega

801 Mackenzie, David
806.99
806.90/99 "04/14"
869.9

Este libro publícase coa axuda financeira da Secretaría Xeral de Universidades (Xunta de Galicia) ó grupo de investigación *Filoloxía e lingüística galega* (GI-1743), da Universidade de Santiago de Compostela.

©Universidade de Santiago de Compostela, 2015

Deseño de cuberta
Raquel Vila Amado

Maquetación
Raquel Vila Amado

Imprime
Imprenta Universitaria
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela

Edita
Servizo de Publicacións
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
usc.es/publicacions

Dep. Legal C 1193-2015

ISBN 978-84-16183-96-8

As copias como testemuños lingüísticos: a lingua galega no manuscrito V da Crónica de Iria (s. xvii)

ANA ISABEL BOULLÓN AGRELO

Instituto da Lingua Galega - Universidade de Santiago de Compostela

Introdución

A Crónica de Iria chegou ata nós a través de varios manuscritos, dos cales o máis antigo conservado é o da catedral de Santiago, C, escrito por Rui Vázquez en 1468, como el mesmo deixou dito no colofón da obra. A pesar dun indicio tan claro, desde un principio suscitou dúbidas en canto á súa autoría, porque varios estudosos o consideraron copista, non autor. O texto de Rui Vázquez comezaba coas «idades do mundo», continuaba coa historia de España ata centrarse na chegada de Santiago a Galicia e na igrexa de Iria, a creación da sé compostelá, e finalizaba coas xestas de Xelmírez (séc. xii). Ora ben, no medio do texto incluíase un treito que non tiña nada que ver coa narración, pois narraba feitos posteriores á liña central da narración, contemporáneos a Rui Vázquez, sobre o arcebispo Rodrigo de Luna e as loitas dos irmandiños. Coñecíanse copias posteriores que carecían dese fragmento, que databan o orixinal en 1444 e eran atribuídas a «Jan Rodríguez do Padrón» (*sic* en V). Unha destas copias perdidas, feita no séc. xvii (V), da que xa deran noticia Fita / Fernández Guerra (1880), foi localizada por David Mackenzie (1988) na Biblioteca Apostólica Vaticana. Como a maior parte dos estudosos e editores da historia iriense,¹ considera que existía un texto orixinal anterior a 1468, hoxe perdido. José Antón Souto, último editor do manus-

1 Camiño Noia e Bieito Arias, que tamén comparten esa idea, cítanos: Castellá Ferrer (1610), Fita e Fernández Guerra (1880), Carro García (1951) e David Mackenzie (1969) (apud Otero 2011: 43). Mackenzie coñecía moi ben o texto, pois editáralo na súa tese de doutoramento en 1975, co cotexo dos seus *codices descripti* localizados ata o momento: B (na Biblioteca Nacional de Madrid, copiada no séc. xvi) e S (Salamanca, copiada no xvii).

crito compostelán (2001), sostén, pola contra, que C é o orixinal e que V é unha copia, con aquel fragmento omitido por razóns ideolóxicas.

Amais de razóns extratextuais que poñen en cuestión a argumentación de Souto (como a propia motivación da confección da crónica de Iria) ou a evidencia de que ese fragmento é unha interpolación, pois de xeito notorio «desencaja la narración primitiva» (Fita / Fernández Guerra 1880: 38), engádese un factor novo: a recente publicación doutra versión da historia iriense, esta vez a través dunha copia do séc. XVIII, escrita e glosada por Pedro Otero Romero y Torres e editada por Bieito Arias e Camiño Noia (2011), quen a denominan YYY. Este texto, aínda que ten treitos en común con C e V, chega ata o reinado de Xoán II e contén a interpolación de Rui Vázquez, pero no lugar onde lle cadra cronoloxicamente. Os editores deste texto cren que existiron varios textos diferentes: «A idea que nos parece máis probable é que Pedro Otero manexase un manuscrito medieval en galego (hoxe desaparecido) distinto do de Rui Vasques, e que ambos textos tiñan partes comúns procedentes dun substrato anterior» (2011: 70).

Parece evidente que cómpre un cotexo textual minucioso entre C e V para corroborar o que tódolos indicios apuntan: que ambos textos son copias dun texto anterior. En efecto, neste cotexo demóstrase que moitas das incoherencias textuais de C se resolven ó comparalo co texto de V, que os erros son típicos de copia e non de autoría, e que os dous mostran erros comúns, o que se manifesta aínda máis claramente ó se confrontaren ambos e dous co texto de YYY. Estes aspectos trataranse nunha publicación específica máis adiante.

Outra das características das copias posmedievais é a actualización lingüística: o copista pon a súa atención en reproducir o contido do texto, pero non lle preocupan as características da lingua. E neste caso, habendo case dous séculos de diferenza entre os dous textos, un período en que na lingua se produciron grandes mudanzas fonomorfolóxicas, atopámonos ante un manuscrito ó que ás diverxencias puramente textuais (sexan variantes substantivas ou adiaforas) se lles engaden un gran número de diferenzas lingüísticas. Esta situación impide realizar unha edición de corte lachmanniano e obriga a escoller un dos manuscritos como base da edición. Pero, por outro lado, a copia revélase como un testemuño privilexiado dunha situación lingüística dunha época en que o galego conta con moi poucos testemuños escritos.² Neste aspecto centraremos esta contribución á homenaxe do benquerido profesor David Mackenzie, que tantas páxinas dedicou á *Crónica de Iria*.

2 Na nómina realizada por Rosario Álvarez (2003), só contabiliza 13 documentos neste século, seis deles cartas ou textos moi breves.

1. Motivación da copia

En xullo de 1627 Urbano VIII proclama patroa de España a santa Teresa, «sen prexuízo de Santiago nin diminución da súa devoción». Houbera movementos nesa dirección desde 1617, que se aceleraran en 1622, canda a canonización da carmelita. O principal valedor era o conde-duque de Olivares, quen conseguira o apoio das Cortes e do rei, Filipe IV, e manobrou para que un protexido seu, Agustín Antolínez, tamén devoto da santa de Ávila, fose nomeado arcebispo de Santiago, en 1624. Pero, desgraciadamente para os intereses teresianos, morreu ós dous anos de ocupar a sé, de modo que cando o papa promulgou o seu breve, a catedral compostelá estaba vacante. O cabido, daquela, tentou impedir a execución deste breve con tódolos medios ó seu alcance. Parte da estratexia consistiu en obter valedores que defendesen a súa causa ante o rei e ante o papa, amplificando e adornando a argumentación que o arcebispo, José González de Villalobos, utilizara nas cartas que lles enviara ó rei e ó papa en 1627. Entre os escollidos estiveron Tomás Tamayo de Vargas, cronista oficial de Castela e do Real Consello das Ordes Militares e mais Francisco de Quevedo, cabaleiro da orde de Santiago, e que escribiron cadanseu memorial.³

Para apoiar as súas argumentacións, encargáronse copias das historias medievais en romance⁴ demostrativas da antigüidade de Santiago, que contiñan a lenda da participación do apóstolo na batalla de Clavixo e, consecuentemente, o chamado *privilexio dos votos*, que lexitimaba a preeminencia da sé compostelá e o seu dereito de recibir impostos de toda a península liberada de mouros; contiña tamén a narración dos grandes feitos de Xelmírez, o hábil negociador que conseguira o arcebispado para a cidade. Tratábase da crónica de Iria, que se elaborara no séc. xv, pero cun fin totalmente distinto ó da causa santiaguista. Como demostra López Alsina (2004), a historia de Iria redactárase para os cregos da antiga sé episcopal reclamaren o chamado *décimo da Quinta*, un imposto que Iria cobraba en catorce parroquias (situadas nos actuais concellos de Rois e Padrón). Desde o séc. xiv foran perdendo pouco a pouco o dereito ó décimo en case todos estes lugares, polo que os cóngos irienses decidiron reclamalo cunha dupla estratexia:

3 Precisamente, foi investigando no *Memorial* de Quevedo como Manuel Candelas Colodrón atopou a copia de 1713 da *Ystoria de Yria* de Pedro Otero. Do seu detallado estudo sobre a vinculación de Quevedo coa causa xacobeá (2008) tiramos a maior parte da información para este asunto.

4 O feito de estar en galego outorgáballe unha certa garantía de antigüidade ante os estudosos, e por iso se empregaba nas falsificacións, coma na *Memoria dos cambeadores* (1624) ou no *Cronicón de don Servando* (vid. Monteagudo 1996: 359).

a reivindicación documental, mediante a confección do Tombo de Iria (comezado en 1444), e historiográfica, coa elaboración da *Crónica de Iria* no mesmo ano, copiada de novo por Rui Vázquez en 1468 onde «se ha interpolado un capítulo sobre acontecimientos acaecidos entre 1459 y 1468 que rompe completamente la estructura y finalidad de la obra» (López Alsina 2004: 856).

En fin, grazas á polémica sobre o padroado no xvii, fixéronse máis copias da Crónica de Iria: dúas, polo menos. Dunha delas só temos testemuños indirectos⁵ e outra é a copia destinada a Tamayo de Vargas, que databa o orixinal, como xa se dixo, en 1444, e atribuía a redacción a Xoán Rodríguez do Padrón, o autor de *Siervo libre de amor*. Esta copia apareceu no fondo Barberini da Biblioteca Vaticana, o que tampouco é casual, porque precisamente foi o cardeal Francesco Barberini, sobriño do papa, a quen lle enviara o conde-duque de Olivares en 1626 unha biografía de santa Teresa, o principal valedor do padroado da santa. Non sorprende que o cabido compostelán lle fixera tamén chegar parte do argumentario contrario. Estes feitos permítennos aventurar a realización da copia entre 1617 e 1628, posto que a primeira data marca o inicio do intento de acabar coa exclusividade do padroado de Santiago,⁶ e a segunda é a data de publicación do *Memorial a su majestad en nombre de la iglesia de Santiago* de Tamayo y Vargas.

2. A evolución lingüística no séc. xvii e as repercusións ortográficas

No traslado da Crónica de Iria produciuse unha actualización sistemática da lingua medieval á do seu tempo. Nestas alturas do século xvii a lingua sufrira unha grande evolución desde a Idade Media, tanto en aspectos fonéticos coma morfolóxicos, que son os que máis repercuten na ortografía. Por outro lado, deixara de ter cultivo escrito desde o finais do século xv, o que implica que o autor non estaba alfabetizado en galego, senón en castelán. Agora ben, o castelán, que experimentara tamén mudanzas no seu sistema lingüístico, posuía unhas características fonéticas bastante semellantes ás do galego (especialmente na súa estrutura silábica), polo que non foi difícil o seu traslado a unha ortografía que, por outra parte, era herdeira da ortografía medieval que derivara do latín vulgar, igual có galego, só cumpría adaptación correspondente a cada sistema lingüístico. Por tanto,

5 Dela dan noticia Fidel Fita e Fernández Guerra (1880: 39): era propiedade deste último, «del mismo tiempo y amanuense» da que estaba en Roma, feita para Tamayo de Vargas. Hoxe está en paradiro descoñecido.

6 E aí o cabido comezou a reaccionar. Así, o cóngo Benito Méndez de Parga y Andrade escribira varios textos proxacobeos entre 1618 e 1619 que só se publicaron en 1628 (vid. Caldelas Colodrón 2008: 28).

compartían de principio moitas das solucións practicadas na Idade Media, tales como a representación gráfica do sistema de sibilantes ou das consoantes palatais, por citar algunhas das innovacións fonéticas con respecto ó latín.

Cómpre ter en conta, ademais, a situación da ortografía castelá naquela altura. Aínda que desde a gramática de Nebrixa (1492) e a súa *Reglas de orthographia* (1517) houbera bastantes propostas gramaticais e ortográficas, unhas máis latinizantes e outras máis fonéticas (no extremo das cales estaría a proposta de Gonzalo de Correas), o certo é que ningunha delas concertou unha unanimidade xeral, por non haber un apoio oficial explícito; e isto manifestábase nunha fluctuación gráfica que non remataría ata a fundación da Real Academia Española en 1713. Pódese advertir, con todo, que no séc. xvii a maioría dos gramáticos se inclinaba pola simplicidade ortográfica, e, por conseguinte, propugnaba evitar as letras sen valor fónico e as grafías latinizantes (Blanco Domínguez 2007: 2824).

É así que, igual que se aprecia noutros textos coetáneos (Álvarez / Rodríguez Montederramo 2005: 226), a grafía da lingua no séc. xvii seméllase máis á actual ca á medieval. E iso tamén por se consumaren evolucións incipientes ou en desenvolvemento na Idade Media, coma as que citaremos a seguir.⁷

2.1. Aspectos gráfico-fonéticos

1. Deixa de usarse o trazo de abreviación, conforme ó abandono das abreviaturas e ó proceso de desnasalización.⁸ O sistema gráfico non ofrece dificultades para reflectir a perda total de nasalidade (med. *bōo*, *boo* > *bo*), ou a súa restitución como consoante implosiva (med. *yrmāo* > *irmán*), pero cousa

7 É imposible coa obrigada limitación de espazo deste traballo facer unha descrición lingüística de todo o documento (18 folios), de maneira que só serán expostos algúns dos aspectos que difiren do texto medieval conservado (que presenta pouca diferenza cronolóxica co orixinal perdido), produto do cotexo entre os dous manuscritos. Ó actuar así, prescínlese dos trazos máis medievalizantes do texto do xvii, comúns co do xv (independentemente de que na altura aínda existisen) e dáselles relevo ós cambios introducidos polo copista, o que reflicte mellor as características lingüísticas da fala do seu tempo. Nos exemplos, que non pretenden ser exhaustivos, indico a inicial correspondente a cada copia (C: Catedral, V: Vaticana), separadas as solucións diverxentes cun guión longo; as referencias indican os folios orixinais dos dous manuscritos. Só nalgúns casos se inclúen as referencias concretas a C: para a relación completa, consúltese o glosario en Souto (2001: 213-277). Baséome nas transcricións realizadas por David Mackenzie, quen xenerosamente me deu acceso á de V, inédita polo momento. Os criterios de edición do texto de Rui Vázquez son os propostos por Lorenzo (2004), con regularización de *u/v* con función vocálica e consonántica, respectivamente.

8 Mantense por imitación do orixinal en casos contados: *algūus* C (19 ocr.) – *algūs* V1r, pero *alguns* V6r, 16r.

distinta é a representación da nasal velar de *unha* (med. *hũa*): o copista escribe sistematicamente *una* (ou *vna*, conforme ó hábito de escribir con <v> as palabras comezadas con *u-*), igual có indefinido *nenguna* (V1v, 5v, med. *njngũa* C1va, *njbũa* C5ra). Outros textos coetáneos ensaiaban o dígrafo <nh>, precedente do uso moderno (coma no *libro dos Canbeadores* de 1624, Monteagudo 1996: 364), ou <n.>, no que parece advertirse a percepción da nasal velar como implosiva: *un.a* (a.1605), ou adoptábase a forma portuguesa *vma* (a.1603) (nas cartas editadas por Álvarez / Rodríguez Montederramo 2005: 231).

2. Regularízase o uso do <ñ> para a nasal palatal, co que se reducen a unha as distintas posibilidades medievais (<ñ>, <n>, <ni>):

Cardena C8vb – *Cardena* V10v; *Espana* C1va, *España* C1va – *España* V1v; *Martino* C (6 veces), *Martiño* C1ra – *Martiño* V1r, 2r, 2r, 6r, 15r, 15v, 16v; *meyrino* C9ra – *meiriño* V11r; *Ordonio* C, *Ordono* C – *Ordoño* V5r, 5v, 6r, 6v, 6v, 9r; *quinentos* C – *quiñentos* V1r, 1v; *rrayna* C – *raiña* V8r, 8r, 8v, 17v, 18r, *reiña* V17r; *senor* C6rb – *señor* V7r; *senorada* C1va – *señoreada* V1v; *sobrino* C – *sobriño* V5r, 5v, 19r; *tijna* C (5 veces) – *tiña* V7v, 10r, 10r, 10v, 12r, 17v; *vina* C12ra – *viña* V14v

3. A conxunción *e*, que se escribía <et> como reminiscencia gráfica dos textos latinos ou co signo tironiano, represéntase maioritariamente como *e* (920 ocor.), aínda que tamén aparece a interferencia do español, *y* (249 ocor., grafado como *i* en 5 ocasións).
4. Os hiatos medievais compostos por dúas vogais iguais, resultado en última instancia da caída dunha consoante intervocálica, resólvense de maneira case sistemática mediante crase.⁹ Ás veces márcase cun acento agudo (*bó*, *má*, *pé*, *pobóo*) ou con circunflexo (*sé*, *abôs*), posiblemente por imitación da plica medieval, aínda que se advirte con maior frecuencia en monosílabos, polo que pode ser que se intente fortalecer a feble entidade gráfica destes.

Abraan C1rb – *Abran* V1v; *algũu* C – *algun* V1r, 1v, 5v, 5v, 12v; *algũus* C (7 veces), *alguus* C – *algüs* V1r, *alguns* V2r, 4r, 6r, 8v, 9v, 10v, 16r; *angeo* C – *anjo* V8v; *angeos* C – *anjos* V4r, 6r; *antijgos* C – *antigos* V1r, 8r, 9r, 9r, *antiguos* V15r; *avoos*

9 O contrario (crase en C, hiato en V) dáse moi raramente; pode ser indicio de que estaba no orixinal e Rui Vázquez o modernizou: *fe* C2va, 2va – *fee* V3r, 3r. Tamén hai casos en que a dobre vogal do texto medieval non ten xustificación etimolóxica (*maao* < MALU-, *antijgos* < ANTIQUU-).

C14ra – *abôs* V17v; *beens* C, *bees* C – *bens* V10r, 11r, 11r; *bõo* C, *boo* C – *bó* V3r, 3v, 9r, 10r, 14r, *bo* V4v, 15r; *boos* C, *bõos* C – *bos* V16r, *bós* V1v, 9r; *Bragaa* C – *Braga* V2v, 2v, 2v, 2v, 15r, 15v; *cabidoo* C9va – *cabido* V11v; *Cijns* C14vb, *Cins* C14vb – *Cins* V18v, 18v; *coreesma* C – *coresma* V8v, 16r, 16v; *gaançou* C – *gançou* V17r, 18v, 18v; *gentijs* C – *gentis* V1v; *leendo* C1rb – *lendo* V1r; *maa* C – *má* V6v, 9v, *mã* V9v; *maao* C – *mao* V10r, 15v, 16r, *manteer* C – *manter* V11r, 16v; *moor-domo* C – *mordomo* V6v, 11r; *moosteyro* C12vb – *mosteiro* V15v; *paço* C – *paço* V16r, 16r; *pee* C – *pe* V10r, *pê* V18r; *poboo* C – *pobo* V7r, 9r, 11v, 15v, 15v, *poboo* V12v, *pobóo* V13r; *proveer* C8vb, 10rb – *prover* V12v, *prober* V10v, 13r; *Saar* C – *Sar* V2r, 16v; *saseenta* C – *sasenta* V3r, 6v, 6v; *sateenta* C6vb, 13ra, *seteenta* C13ra – *satenta* V7v, *setenta* V16r, 16r; *see* C, *seen* C – *se* V4v, 8v, *sede* V5r, 15r, *sé* V11r, 11r, *sé* V16r; *seendo* C – *sendo* V3v, 8r; *seera* C3va – *sera* V5r; *seeria* C – *seria* V14r, 17r; *sijan* C5vb – *sian* V6v; *soo* C6rb – *sô* V7r; *sosteer* C1rb – *soster* V2r; *teen* C (P6) – *ten* V7v, 15r; *tijna* C – *tiña* V7v, 10r, 10r, 10v, 12r, 17v; *tijñan* C – *tiñan* V11r, 15r, 15r, 18r; *tredor* C7ra – *tredor* V8r; *vijan* C – *vian* V4r, 7v; *veedes* C3va – *vedis* V4v; *veer* C – *ver* V5r; *veendo* C, *veendoo* C13ra – *vendo* V5r, 7r, 10v, 16r, 17r; *veedor* C13vb – *vedor* V17r; *vũeo* C (vb. *vir*) – *veo* V2r, 10r; *vijnr* C, *vijr* C – *vir* V9r, 11r, 18v; *vijnte* C – *vinte* V13, 3v, 3v, 4r, 4v, 4v, 9r, 14r.

5. A partir do século xv entraron na lingua moitos cultismos (neoloxismos ou en substitución de voces patrimoniais) con grupos consonánticos en que aparecían consoantes insólitas en posición de coda (oclusivas), o que non se adaptaba á estrutura silábica máis común (CV ou CV + /N/, /l/, /s/, /r/ ou semivogal)). Os gramáticos casteláns deixaron constancia das súas dúbidas á hora de escribilos:

Durante todo el período clásico se mantuvo la contienda entre conservar los grupos consonánticos cultos o adecuarlos a la estructura fónica del español, y no fue resuelta hasta que la Academia realizó la elección normativa de las variantes más latinizantes con el grupo consonántico mantenido (Blanco Domínguez 2012: 471).

Os usos da época flutuaron entre o mantemento e a eliminación: Nebrija avogaba na súa gramática pola simplificación do grupo <gn> (*sino*, *dinidad*, *benino*), pero nas *Reglas de ortographia* consente que se conserve na escritura (non na pronuncia); López de Velasco (1582) ten un criterio ecléctico: ás veces si (*abstener*, *obtener*, *pacto*, *tacto*, *affectedo*, *digno* «porque aunque la g no sirva de nada, no se puede quitar ya por la fuerza del uso»), ás veces non (*assolver*, *sustancia*, *malino*,

sinificar, porque «son palabras antigüas vsadas y escriptas mucho ha sin ella»), ás veces acepta dobretes (*effecto* ou *effeto*, *nocturno* ou *noturno*). Alemán evita as grafías cultas por non concordar coa pronuncia, aínda que con excepcións. Jiménez Patón (1614) tamén rexeita os grupos cultos, coma Correa (1625): «es grande abuso Latinizar el Rromanze» (apud Blanco Domínguez 2012: 474). Estas posturas terían o seu reflexo nos textos; na práctica da copia seiscentista da Crónica de Iria vese en xeral tendencia á simplificación, fronte á tendencia cultista de Rui Vázquez, que ofrece mostrás de grupos cultos mesmo onde era xeral a vocalización (*octavo*, *captivar*):¹⁰

b + consoante: <bl> *sublingos* C1va – *solingos* V2r; <bd> *cibdade* C, *çibdade* C – *cidade* V (14 ocor.), *çibdadãos* C, *çibdadaos* C – *cidadans* V17v, 17v, 17v; <bp> *obprobrio* C6rb, *oprobrio* C9rb (<lat. OPPROBRIUM) – *oprovio* V7r, *oprobeo* V11r; <bç> *subçessores* C – *sucessores* V12r, 15r; <bd> *subdiácono* C11ra – *so diacono* V13v; <bj> *subjectos* C10ra – *sogeitos* V12r, *subjeçon* C12rb – *sojeiçon* V15r [tamén con vocalización do grupo -ct-]; *subjugada* C6ra, *subjugar* C8rb, *subjugavan* C10va – *sojuzgada* V7r, *sojugar* V10r, *sojuzgavan* V13r [castelanismos].

<ct> *auctoridade* C – *auctoridade* V3r, 4r, 4v, 11v; *electo* C – *eleto* V10r, 13v; *octavo* C2vb – *oitavo* V3v; *rectorica* C11rb – *retoreca* V13v.

<gn> *benignamente* C8va – *beninamente* V10r, *benignidade* C10vb – *beninidade* V13r, *benigno* C12rb – *benino* V14v; *dignidade* C7va, 10vb, 12rb, *denidade* C4vb – *dinidade* V13r, *denidade* V5v, 14v; *digno* C8vb – *dino* V10v, *dignos* C12va – *dinos* V15r; *indigno* C10rb – *endino* V12v; *ensinança* C8rb – *ensinanza* V10r; *pugnarón* C1va – *punaron* V2r

outros grupos con nasal: <nm> *enmendase*, *enmendar* C6vb – *emendase*, *emendar* V8r; <nnp, mpn, pn> (<lat. MN) *sollenpnemente* C12ra – *solenemente* V14v, *sollempnjidade* C12ra – *solinidade* V14v; *condepnado* C4vb – *condenado* V5r; *calupnias* C10rb – *caluneas* V12v; *calupnas* C12va, *colupnas* C12vb – *colunas* V15v, 15v (todas do lat. COLUMNA).

<pt> *captella* C13vb – *coutela* V17r, *septimo* C2vb – *setimo* V3v; *captiverio* C6ra – *cativerio* V7r; *captivojidade* C – *catividade* V1v, 1v, *captivavan* C5ra – *cativavan* V5v; *escriptura* ... *escripviiron* ... *enscripto* C1ra – *iscritura* ... *iscribiron* ... *iscrito* V1r; *Egipto* C1rb – *Egito* V1v, 1v.

<x> *exenptos* C, *exentos* C – *esentos* V12r, 14r, 16v; *sexta* C – *sesta* V3v; *sexto* C – *sesto* V3r, 6v.

10 Consígnase todo tipo de grupos consonánticos (ordenados polo grupo, non pola palabra), aínda que non todos procedan de cultismos (*cibdade* < CIVITATEM), posto que a mecánica da adaptación é a mesma.

Como vemos, simplifícanse os excesos hipercultistas e non etimolóxicos, como o grupo <nnp, mnp, pn> procedente do lat. MN, non insólitos na Idade Media (cf. tamén *dapno*, *dapnifcamento*, *indepne*, *silepñcio*), *captella* (<lat. CAUTELA), ou *subçessoros*, con probable influencia do prefixo *sub*.

2.2. Aspectos morfolóxicos

6. O resultado da terminación latina -ANU (med. -ãu) represéntase regularmente como -án:

mão C, *māao* C – *man* V7r, 8v, 8v, 8v, 17v; *ymão* C, *ymāoo* C, *yrmaoo* C – *irman* V5r, 6v, 6v, 13r, 13r, 14r, 14v, 17v, 17v, *hirman* V6r; *sāao* C14rb – *san* V18r

Hai máis variedade no feminino (lat. -ANA, med. -ãa): -án, -ana; esta última só aparece en *compostelana*, que se podería explicar por cultismo ou por castellanismo, ó ser unha palabra estreitamente ligada coa Igrexa.

compostellana C – *compostelan* V11r, *compostelana* V12r, 12v, 14v, 14v; *manãa* C4vb, C14va – *mañan* V5r, 18r

7. O plural das palabras rematadas en -n faise sistematicamente en -ns, excepto en *christianos*, que se pode interpretar como cultismo:

<-ães> – <-ans>: *cães* C4vb *cans* V5r;

<-ãos, -ãaos, -aos> – <-ans>: *çibdadãos* C, *çibdadaos* C, *çidadãos* C – *cidadans* V17v, 17v, 17v; *cristãaos* C, *cristãos* C, *cristaooos* C – *christans* V1v, *cristsans* V7r, 7v, 7v, 7v, 13v, 15r, *christianos* V12v; *ymãos* C10vb – *irmans* V13r; *mãos* C, *mãaos* C – *mans* V5v, 8v, 8v; *pagãos* C8ra – *pagans* V9v;

<-ees, -ens> – <-ens>: *bees* C, *beens* C – *bens* V10r, 11r, 11r;

<-ões, -oes, õos, -oos, -oons> – <-ons>: *çelebrações* C11vb – *celebraçons* V14r; *comjõos* C12vb – *comunions* V15v; *confesoons* C12vb – *confesons* V15v; *corações* C12rb – *curaçons* V14v; *distribuições* C13va – *distribuçons* V16v; *doações* C – *donaçons* V12v, 14r, *doos* C3va – *dons* V4v; *jnfestações* C11vb – *infestaçons* V14r, *jurdições* C10ra – *jurdiçons* V12r; *orações* C (6 ocor.), *oraçõos* C5vb – *oraçons* V4v, 6v, 6v, 8r, 8r, 8v, 15v; *provações* C5vb – *poblaçons* V6v, *posisoos* C8vb, 9ra, 9ra, 13rb, *posisõos* C11va – *posisons* V10v, 11r, 11r, 14r, *posesons* V16v; *predicações* C1vb, *predicaçõos* C2va – *predicaçons* V3r, 14r; *prijoos* C9ra – *prijons* V10v; *priçioes* C14vb – *procisons* V18v; *rrazões* C10ba – *raçons* V13v; *varões* C3va, *varõoes* C6ra, *vaarooos* C9rb, *varõos* C9va – *varons* V4v, 7r, 11r, 11v;

<-ūus> – <-uns>: *algūus* C (7 ocor.), *alguus* C8vb – *algūs* V1r, *alguns* V2r, 4r, 6r, 8v, 9v, 10v, 16r; *hūus* C4va – *uns* V5r; *jajūus* C5vb – *jejuns* V6v.

8. Cambio de conxugación CII > CIII. Estas vacilacións explícanse por diversas forzas analóxicas: a favor da CIII actúa a súa maior produtividade, pois recibe a maioría dos verbos cultos procedentes da CII, CIII e CIV latinas, entre outros factores.¹¹ Os testemuños da copia do xvii apuntan cara á consolidación das formas *dicir*, *elegir*, *recibir*, *sufrir*, *vivir*, en canto a *converter* e *regir*, hoxe considéranse castelanismos.

converter C1va – *convertir* V1v
dizer C9rb – *dicir* V11r
eleger C7vb – *elegir* V9r
rreçebemos C10va – *recevimos* V13r, *rreçebeu* C – *recebiu* V13v, 15r; *rreçeber* C11ra – *recever* V13v, *rreçebido* C – *recebido* V13v, *recivido* V14r, 16v, 17r, 183, *recibido* V15r
reger C9va – *regir* V11v
sofrer C6ra – *sufrir* V7r
viveron C3ra – *biviron* V4r, *viveu* C5vb, 7rb – *bibiu* V6v, 8v

No verbo *escribir* observamos dous paradigmas diferentes nas dúas copias: en C conxúgase pola CII, en V pola CIII (*escripveu* C10va, 10vb, 11ra – *iscribiu* V13r, *escribiu* V13r, agás *escrebeu* V13v), ou ó revés: *escripvjndolle* C8ra – *escreven-dolle* V9v, *escripvjron* C10vb – *escreberon* V13v; o infinitivo conxúgase pola CIII en ámbolos textos (*escripvir* C11vb – *escribir* V14r). Dado que desde o séc. xv a forma galega é *escribir* (vid. Lorenzo 1977, apud DDGM), predominante desde o XIII (Maia 1986: 730), o feito de que na copia do xvii apareza a variante máis arcaica pode ser indicio de que no orixinal figuraba o verbo na CII, e os copistas ás veces adaptaron á súa variante oral máis usual, e outras non.

2.3. O léxico

9. Hai unha sorprendente uniformidade na voz procedente do lat. ECCLESĪA (vg. ECLESĪA), sobre todo tendo en conta a enorme variabilidade que demostra na Idade Media.¹² Presenta unha evolución anómala nas palabras

11 Véxase explicación máis demorada nas *Normas* (2003: 131-2). Para *dizer/dicir*, está tratado especificamente en Tato Plaza (1998).

12 Aínda que hai que ter presente que moitas destas formas nos *corpora* son produto do deficiente desenvolvemento dos editores da forma medieval (Boullón Agrelo 2013: 68-70).

patrimoniais, pois a súa pertenza ó ámbito eclesiástico mantivo a evolución do grupo CL como *gr*, e así, vemos que na Idade Media as variantes máis frecuentes eran *igleja*, *eigleja*, *igreja*, *eigreja*. Na toponimia, o desgaste fonético que sufriu motivou a evolución do grupo *gr* a *r*, e aí se ven, como variantes populares, *Eirexa*, *Airexa*, *Eirexe*, *Eirixa*, *Eirixe*, *Irexa*, *Irexe*, *Irixex*, *Grixex* (citadas en orde de frecuencia decrecente; a máis frecuente no Nomenclátor galego (NG), *Igrexa*, é unha restitución moderna do castelanismo *Iglesia*). No texto do xvii aparece regulamente a forma *Eygreje* (129 veces, co plural *Eygrejes*, fronte 1 *Eygrege*, 1 *Eygreja*), mentres que no texto de Rui Vázquez case sempre a abreviatura *egllia* (con sinal de abreviación por riba). É, pois, unha forma máis evolucionada cá medieval (pero cun estadio máis conservador cós resultados actuais na toponimia), coa consolidación da forma rotatizada do grupo consonántico, ditongo inicial e terminación en *-e*, xerada posiblemente por influencia da consoante palatal (vid. Santamarina 2008: 937-943, que estuda todas estas formas).

3. Os trazos dialectais

Nalgúns dos fenómenos que acabamos de ver xa se identifican trazos lingüísticos que hoxe presentan variación dialectal. Tendo en conta os resultados medievais e as isoglosas modernas, podemos aproximarnos á área de procedencia lingüística do autor do texto. O cotexo efectúase en relación ó texto escrito por Rui Vázquez, posto que é o único medieval que se conserva, aínda que é posible que este tamén adaptase lingüisticamente o orixinal perdido.

1. O resultado do grupo [kwa-] é [ka-], mesmo en casos en que hoxe o resultado xeral é *cua-* (*carto*, numeral), incluso en *cairentena* (V4v, sen correspondencia léxica en C, mod. *corentena*), aínda que no resto dos casos nesta posición átona hai asimilación recíproca: *corenta* (tamén *coresma*, que aparecía xa no texto medieval). Só nunha ocasión aparece *coal* (med. *qual*, mod. *cal*), e nalgúns casos conserva a grafía <qu->, que á luz dos restantes datos revela que non reflicte a pronuncia. Na escrita de Rui Vázquez mantense habitualmente <qua>, posiblemente só por tradición gráfica (porque hai outras palabras onde se ve a mesma evolución: *garda*, *gardas*), e na na copia do xvii o resultado *ca-* é moito máis frecuente. A relación é a seguinte:

qual – *cal* (57 ocor.), *coal* V2v, 2v, 2v; *quaes* C (21 ocor.) – *cais* V1r, 1v, 2v, 12v, *quais* V (11 ocor.), *quaes* V12v; *quando* C – *cando* V (20 ocor.); *quanto* C – *canto* V (7 ocor.), *quanta* C12ra – *canta* V14v, *quantas* C – *cantas* V7r, 14r, 14r, 18r; *quarto* C5ra – *carto* V5v; *quatro* C – *catro* V (6 ocor.), *quatroçentos* C – *catrocentos* V1v, 1v, 1v, 1v; *quorenta* C – *corenta* V (7 ocor.).

A actual distribución de *catro* fronte a *cuatro* abrangue a maior parte de Galicia, agás unha pequena área do suroeste de Pontevedra, gran parte de Ourense e o bloque oriental (Fernández Rei 1990: 52).

2. Resultado dos grupos latinos -ŪLT-, -ŪCT-. No texto de Rui Vázquez aparecen os resultados -oi- e -ui- (aquele en maior proporción ca este), mentres que na copia do xvii hai máis casos de -ui- (aquí só indico os exemplos que difiren). Non se coñece a solución (ou solucións) que presentaba o orixinal dos dous textos, pero é claro que o copista seiscentista opta en maior medida por -ui-. O caso de *cuítas* V18r (*coytas* C14va) é particular, porque é derivado de *coitar* (< lat. vulg. *COCTĀRE, de *CŌCTUS, por COACTUS, part. de CŌGĒRE ‘obligar’), quizais a través do provenzal; a solución -ui- pode deberse á forza analóxica dos outros grupos.

lat. -ŪLT-: *moyto* C – *mui* V5v, 6v, 14v, 16v, *muíto* V (14 ocor.); *moytas* C (21 ocor.), *muytas* C (15 ocor.) – *muitas* V (35 ocor.): *moytos* C (11 ocor.), *muytos* (3 ocor.) – *muitos* V (10 ocor.); *moy* C (39 ocor.), *muy* C (27 ocor.) – *mui* V (52 ocor.); lat. -ŪCT-: *arvores de froitas* C13rb – *fruiteiras* V16r, *Froytoso* C11vb – *Fruitoso* V14r.

O actual resultado -ui- destes grupos, xunto con -oi- < -ŏCT- (*noite* 9 ocorrencias, *oito* 6, *oitocentos* 2, *oitavo* 2), correspóndese cos sistemas C e D na clasificación de Fernández Rei (1990: 48-5);¹³ o primeiro rexístrase no galego oriental, que se descarta por outros trazos, e o segundo, no centro e sur da provincia de Pontevedra, o que cadra con outros datos dialectais.

3. Plural das palabras rematadas en *n*: -ns (vid. supra 2.7). Foi a isoglosa escollida para delimitar o bloque occidental (Fernández Rei 1990: 107, 110) e abrangue a zona occidental das provincias da Coruña e Pontevedra. O resultado do feminino, ANA, é común ó masculino (-án), e constitúe unha área xeográfica un pouco menos extensa cá anterior.

13 Faltan exemplos de descendentes de -ŏRI- e -ŏRI- para distinguir entre C e D.

4. Plural das palabras rematadas en *l*. Hai maior diversidade de solucións: na terminación *-ALES*, a maioritaria presenta a caída da consoante, trala cal ocorre o hiato *-aes* > ditongo *-ais*, ou hai asimilación, *-aas*, e posterior crase, *-ás*. No texto de Rui Vázquez aparecen as catro solucións, e na copia seiscentista a solución maioritaria é *-ás*, como se ve claramente no plural da palabra *cardeal*, moitas veces repetida. O plural de *-el* só se rexistra en (*in*)*fiel*.

ditongo: *quaes* C (21 ocor.) – *cais* V1r, 1v, 2v, 12v, *quais* V (11 ocor.); *oçidentaes* C12ra – *ocidentais* V14v; *principais* V7r (sen correspondencia léxica: *principes* C6ra).

crase: *jñfees* C3ra, 10va – *ynfies* V4r, 13r; *fees* C10ra, 11rb, 12va – *fes* V14r, 15r (pero *fieles* V12v), *principas* C8ra – *prencipás* V9v; *cardeaes* C (8 ocor.), *cardenaes* C9vb, 9vb, *cardeas* C9ra, 14vb, *cardeas* C (5 ocor.) – *cardeas* V (13 ocor.), *cardeás* V13r, *cardias* V14v; *ofiçiaes* C13vb – *ofiçeas* V17r.

mantemento de *l*–: *cales* V13v, *fieles* V12v; nos dous textos: *males* C93b-V11r; *villes* C9rb – *viles* V11r; *occidentales* C9vb-V12r, *provençiales* C9va – *provinciales* V11v, *consulas* 7vb/8ra – *consules* V9v; *apostollos* C9vb, 12va, 13rb – *apostoles* V12r, 15r, 16v


Neste último grupo débese ter en conta a condición de monosílabos de varias destas formas: *cales*, *males*, *viles*; as dúas últimas xa eran correntes en todo o galego medieval. O plural de *fiel* é especial, posto que a pronuncia pode ser con ditongo ou non, e por tanto, na práctica oscilou na acomodación ó plural dos monosílabos (que tendían a conservar o *-l-*) ou dos polisílabos (que o perdían). Neste texto advírtese esa vacilación, presente tamén na Idade Media. Os outros polisílabos estaban xa no texto de Rui Vázquez, e posiblemente tamén no orixinal. Penso que é distinto o caso de *apostoles*, porque pode xustificarse a partir dun singular *apostole* (23 ocor.), formado a partir do plural castelán *apóstoles*; no texto rexístrase *apostolo* (V1v) e o castelanismo *apostol* (16 ocor.)

Xa os primeiros estudosos dos textos medievais consideraban o resultado con asimilación vocálica (*natura(a)s*, *español(o)s*) como trazo peculiar dos textos galegos dos séculos XIV–XVI (apud Mariño 2004: 171), aínda que se principian a documentar no XIII: *Ospitaas* a.1290 CDSClodioRibeiro 414, *Muruaas* a.1296 CDRocas 166, *Garavaas* a.1299 CDOseira 1217. Desde a Idade Media foron aumentando progresivamente os plurais que mantiñan o *l*,¹⁴ e xeneralizáronse entre a segunda metade do séc. XIX e o XX (Mariño 2004: 190), ata converterse en maioritarios en

14 Esta restitución non se explica simplemente por castelanismo, senón que hai que ter en conta diversas forzas analóxicas con outros modelos morfolóxicos (vid. Mariño 2004: 176).

todo o territorio: só se conserva *-ais* no galego máis oriental, e *-ás* en palabras illadas (como *reás*). Agora ben, dado que a situación actual non corresponde nin coa medieval nin coa do século da copia, para achegarnos á repartición dialectal antiga temos que recorrer a outro tipo de datos, como son os resultados toponímicos, por nos ofrecer unha foto fixa do momento en que se asentaron esas formas. A representación cartográfica¹⁵ de tres topónimos moi frecuentes por todo o territorio, *Casais/Casás*, *Novais/Novás* e *Currais/Currás* móstranos que a solución maioritaria foi *-ás*, mentres que o ditongo *-ais* se localizaba nunha área occidental da provincia da Coruña e mais noutra no leste da provincia de Lugo (nunha zona da cal aínda é produtivo na actualidade). Os datos da distribución xeográfica dos apelidos correspondentes corroboran esta localización (vid. CAG: <http://ilg.usc.es/cag/>).

MAPAS DOS TOPÓNIMOS *CASÁS/CASAIS*, *NOVÁS/NOVAIS*, *CURRÁS/CURRAIS*



15 No buscador do Proxecto Toponimia de Galicia (PTG), que inclúe a microtoponimia xeolocalizada ata o momento. <<http://sitgaideg.xunta.es/buscadoravanzado/>>.

Tendo en conta a maior proporción de plurais en *-ás* no texto,¹⁶ poderemos descartar a área de *-ais*, como efectivamente confirmarán os restantes datos dialectais.

5. Pronome demostrativo *isto*, con sobrecaracterización do neutro, hoxe no extremo occidental da área mindoniense e sur da provincia de Pontevedra (Fernández Rei 1990: 72). A distribución dialectal é antiga, como xa sinalou Maia (1986: 683-690), aínda que cun trazado algo distinto do actual: na Idade Media *isto* aparecía en documentos do centro e sur da actual provincia de Pontevedra; tamén tiña maior extensión cá actual na área mindoniense (Álvarez / Xove 1998: 43-45).

esto C (22 ocor.) – *isto* V (9 ocor.); *ysto* V11v, 11v, *esto* V10v, 12v, 16v, *desto* V17r, 17v.

6. Vogal temática da P3 dos perfectos fracos da CII e CIII. A copia de Rui Vázquez testemuña a que probablemente é a propia do autor, con nivelación analóxica da segunda conxugación (*afligeu, conpreu, destrueu, escripveu, fogueu, oeu, parteu, sentío, veu*).¹⁷ Na copia seiscentista mantense a distinción morfolóxica nos pretéritos das dúas conxugacións, con algunha excepción (*opremeo* V83, *pedeu* V9r, 12r; cf. o dito en 2.8).

aflixiu: *afligeu* C9ra – *afrigiú* V11r
cumprir: *conpreu* C4va – *compriu* V5r
destruír: *destroeu* C – *destruyú* V3r, 9v, 10v, 11r;
escribir: *escripveu* C – *escribiu* V13r, 13v, *iscribiu* V13r, *escrebeu* V13v, 13v
fuxir: *fogueu* C – *fugiu* V3v, V9v, *fogiu* V7r;
oír: *oeu* C, *oyeu* C – *oyu* V4r, 4v, 4v, 6v, 8v, 9v, 17v
partir: *parteu* C7ra – *partiu* V8r
recibir: *rreçebeu* C – *recebiu* V13v, 15r;
sentir: *sentio* C7ra – *sintiu* V8r
ver: *vio* C3rb, *veu* C7rb, 8ra, *beo* C63b – *viu* V4v, 8v, 9v, 7r
vivir: *viveu* C5vb – *bibiú* V6v

As formas da CIII en *-eu* danse nunha ampla faixa entre a área mindoniense e as rías de Arousa e Pontevedra; as que presentan diferenza entre as tres conxugacións (*andou, comeu, viviu*), ó sur desta área (Fernández Rei 1990: 83, ALGA I, 1 mapa 145).

16 O plural en *-ais* aquí representado é case exclusivamente o monosílabo *quais*, que moi raramente presenta formas con asimilación (só atopei *quaa*s a.1366 CDOseira 315 no corpus do TMILGA).


17 Agás *sentío, constituío, partío, vío*, quizais por manter a forma verbal do orixinal.

7. Desinencia de P2 dos perfectos fracos. A forma primitiva *-ste* (<-ISTĪ), que presenta o texto de Rui Vázquez (*amaste e onrraste* C10vb, *enviaste* C10va), só se conserva hoxe pola zona da Guarda e Tomiño e en parte do galego do Bierzo. A palatalización en *-che* da copia seiscentista (*amache e honrrache* V13r, *imbiache* V13r), esténdese hoxe nunha área ó sur da provincia de Pontevedra, case todo Ourense (convivindo con *-ches*), no galego exterior, leste de Lugo e área mindoniense (Fernández Rei 1990: 87-8, ALGA I,1, mapas 52, 53).
8. Verbo *dar*, P3 do pretérito de indicativo (lat. DĒDIT). A forma *dou* do texto de Rui Vázquez, analóxica coa terminación regular da conxugación, é a máis xeral no territorio, e *deu*, etimolóxica, a do texto do XVII,¹⁸ localízase actualmente na metade norte da provincia de Pontevedra, parte da da Coruña e algún punto do galego oriental (ALGA I, 2, mapa 225).
9. Verbo *ouvir* (< AUDIRE). Nun par de ocasións, o verbo medieval *oír* resólvese no texto seiscentista como *ouvir* (*oyan* C3va – *ouvirian* V4r, *oyron* C5rb – *ouviron* V6r). Esta variante é hoxe común nunha ampla faixa sur raiana con Portugal (ALGA I, 2, mapa 308).
10. Verbo *pór* (< PONĒRE). O infinitivo, *poer* no séc. xv, actualízase case sempre como *por* (V9r, 16r, *pór* V16v; *poer* V13r). A actual zona de *pór* fronte a *poñer* localízase na metade sur de Galicia (provincias de Ourense, sur de Pontevedra, zona costeira occidental).
11. Verbo *vir*. A P3 do presente (mod. *veu* (< VĒNĪT), represéntase na copia do XV como *veo*, *veeo*, *vêeo*, *veoo*. Na do XVII trasládase como *veu* (V3r, 6v, 13v, 18r, 18r, ou a variante *veo* V23, 10r), e mais como *ven* (V3v, 4v, 6v, 9v, 10v) ou *ben* (V9v). Este resultado é hoxe propio da área fisterrá norte, con puntos illados en Ourense (O28), Lugo (L32) e no sur de Pontevedra (P25), onde actualmente a forma xeral é *viu*. Estes datos parecen suxerir que antano a presenza de *ven* (con /ε/) foi maior.
12. Adverbio *estonces* (< lat. EX TŪNC; as outras variantes, de INTŪNC, *INTŪNCE, e con *s* adverbial; vid. Lorenzo 1977 s.v., apud DDGM). En C atéstanse as variantes *entón* (12 ocor.), *entonces* (6), *estonce* (1) e *estonces* (2), mentres que en V, *entón* (10 ocor.), *entonces* (6) e *estonces* (5), esta última en dúas ocasións

18 Dez ocorrencias; só en tres ocasións traslada o texto como *dou* (V8r, 16v, 17r).

(V5r, V8v), en que a medieval presenta *entonces* (C3va) e *estonce* (C7rb). Segundo se comproba no gráfico, elaborado a partir dos datos proporcionados polo TMLGA, na Idade Media a forma máis frecuente é *entón*, sobre todo no séc. XIII (96%); no XIV experimentou a concorrencia doutras forzas (baixa ata un 35% e *estonce*, *estonces* e *estonce*, soben ata arredor de cadanseu 20%), pero no xv consolídase, e a única outra variante en alza é *entonces*.

GRÁFICO 1: EVOLUCIÓN CRONOLÓXICA DAS VARIANTES DE ENTÓN NA IDADE MEDIA (%)




Hai que ter en conta tamén a tipoloxía textual: na documentación medieval as variantes en *es-* están estreitamente vencelladas ós textos literarios (dun total de 175 ocorrencias, *estonces* só presenta 3 en textos notariais, e *estonce* 8 de 263); é importante a apreciación por os textos notariais darnos unha imaxe máis fidedigna da fala real, nun momento e nun lugar precisos. No período seguinte atopámo-las en poucas ocasións,¹⁹ aínda que a partir do séc. XIX, onde dispomos de moitos máis datos (vid. TILGA), a situación é distinta: *estonce* só ten 12 ocorrencias desde 1834 ata 1958, e *estonces*, desde 1820, 1.420 ocorrencias: utilízana autores tan influentes como Rosalía, Curros ou Lamas Carvajal. Está claro que esta última gozou de bastante vitalidade alomenos ata mediados do séc. XX, e foi devalando pola

¹⁹ Nese período atopei constancia da existencia de *estonce* e *estonces* en 1777 na área de Ferrol (a carón de *entonces*): vid. Mariño / Sánchez / Suárez (2012: 159).

concorrencia de *entonces*, favorecida pola coincidencia co castelán. Na actualidade, *estonces* atéstase en puntos illados da Coruña, Lugo e Zamora (C35, L17, L29, Z1, Z3: vid. ALGA II mapa 340), e *estonce* en ningures. Como conclusión, coído que *estonces* podía ser a forma propia do copista de V, que daquela se localizaría tamén na zona do sur de Pontevedra á que apuntan o resto dos datos dialectais.

13. Adverbio *depois* (< lat. vulgar DE PÖST; o iode queda inexplicado. A variante *despois* viría da analoxía con *desde*, *desque*, ou do composto DE EX PÖST; vid. Lorenzo 1977 s.v., apud DDGM). Na copia medieval a forma exclusiva é *despoys* (33 ocor.), pero aparece na seiscentista en nove ocasións como *depois* (V1r, 4v, 5v, 6r, 6v, 10r, 13v, 13v, 17r, a carón de 18 *despois*). Como vemos no gráfico de embaixo, a maioritaria no séc. XIII, *depois*, comeza a diminuír aceleradamente pola concorrencia de *despoys*: no XV xa ten só un 26% das formas concorrentes, espalladas por diversas zonas de Galicia (aparece en coleccións documentais procedentes de Mondoñedo, Viveiro, Oseira, San Clodio do Ribeiro, Oseira, Pantón, Tui, Santiago e outras). Sarmiento, en 1745, documéntaa como arcaica (1973: 273, apud DDD). E na actualidade, *depois* rexístrase moi raramente (ALGA II, mapa 233): só nun punto (L34), e en concorrencia con *espois*, *dispois* e *despós*. Por tanto, parece que a forma *depois* puido subsistir no XVII nesta área xeográfica do sur de Pontevedra. Tamén cabe a posibilidade de que se tratase dunha copia literal do texto orixinal, e que fose Rui Vázquez quen utilizase a forma propia da súa zona.

GRÁFICO 2: EVOLUCIÓN CRONOLÓXICA DAS VARIANTES DE *DESPOIS* NA IDADE MEDIA (%)



14. Recapitulando, os trazos dialectais permiten situar a procedencia lingüística do copista nunha área ó sur de Pontevedra, coincidindo máis ou menos coa denominada área pontevedresa por Fernández Rei (1990: mapa 40, pp, 108-9, 123-125), concretamente á macrosubárea Verdugo-Miño (C-2), pero descartando a microsubárea do Baixo Miño (onde se mantén o grupo *kw-* e o sufixo *-ste* da P2 dos perfectos fracos). Hai moitos trazos en común coa área fisterrá norte (*muito, catro*, pl. *ns, partiu, ven* P6 do pres. de *vir*), pero non coincide cos resultados de NÖCTEM (*noite vs. nuite* nesta área), P3 do Pret de *dar* (*deu vs. diu*) e o plural de *-ALES*, posto que os resultados toponímicos indican que neste recanto occidental do que hoxe é a provincia da Coruña o resultado regular era *-ais*, non *-ás*, como presenta o texto.

Cómpre ter en conta, por último, que non se pode afirmar categoricamente que estas características dialectais sexan do copista, porque puido reflectir fielmente as do orixinal, da mesma maneira que non nos consta se a fala da área de Santiago que se reflicte na copia de Rui Vázquez era a súa propia ou xa estaba no orixinal. De todas formas, dada a actualización feita en tantos aspectos lingüísticos, cabe supoñer que tamén se fixera nestes, e, ademais, hai aspectos claramente modernos con respecto á lingua medieval (como a terminación en *-án* de lat. *-ANU*, o plural das palabras rematadas en *-n*, verbo *pór*). Non hai que esquecer que o concepto de fidelidade non consistía daquela na literalidade, fose gráfica ou morfosintáctica (e a pesar da expresión medieval *de verbo a verbo*), senón que se refería fundamentalmente ó contido.

Conclusiones

O estudo da copia seiscentista da Crónica de Iria e o seu cotexo coa copia medieval, escrita por Rui Vázquez, pon de relevo que as dúas remontan en última instancia a un antecedente común. Ademais, resulta un importante testemuño da configuración da lingua no século xvii na súa translación á escrita, nunha época en que as mostras do galego escrito son moi escasas.

Os datos escollidos para mostrar como se ían plasmando graficamente as novas características lingüísticas foron de tipo gráfico-fonético (a representación dos grupos cultos, da nasal velar, /ŋ/, e da palatal, /j/, da conxunción copulativa, *e*, a adaptación dos grupos consonánticos cultos, a crase definitiva dos hiatos medievais), morfolóxicos (a consolidación da terminación *-án* (<lat. *-ANU*-) para o

masculino, a sistematicidade do grupo *-ns* para representar o plural tras nasal, a solución *-ás* para o plural dos polisílabos rematados en *-l*, e os cambios das vogais temáticas nas conxugacións regulares, como *vivir, sufrir, recibir, escribir*, e un léxico (a regularidade do emprego da palabra *eygreje*). Evidentemente, faltan por comentar numerosas cuestións, entre as que cabe salientar o sistema de acentuación (presente case unicamente nalgunhas contraccións ou como reminiscencia das plicas medievais), a grande inestabilidade do vocalismo átono, a transformación das sibilantes, a fixación dos verbos irregulares, os cambios léxicos ou a penetración dos castelanismos. Pero os fenómenos citados exemplifican ben as dificultades e as vantaxes do sistema ortográfico utilizado nunha época en que a lingua experimentara unha grande evolución con respecto á Idade Media.

A información lingüística permítenos tamén situar a orixe xeográfica do copista: *cuatro, muito, irmán* (m.), *mañán, cans, bens, cardeás, isto, partiu, amache, deu, ouviron*, localizan o texto na área pontevedresa, ó sur da provincia (quitada a subárea do Baixo Miño). Noutros casos estanos proporcionando indicios da supervivencia de formas residuais nesa área xeográfica (*estonces, depois*), ou ben poden ser testemuños do orixinal, fronte ás escollas de Rui Vázquez (*depois*).

Todos estes datos salientan o feito de que o estudo da tradición manuscrita das nosas obras literarias medievais permítenos, ó pescudar as circunstancias da circulación dos temas ó longo da historia, achegar datos sobre a nosa historia cultural e, asemade, aumentar o noso coñecemento sobre a lingua nas distintas etapas. E, ademais, un exame atento das características lingüísticas das copias contribúe a botar luz sobre a transmisión do texto e, por tanto, a reconstruír o orixinal perdido.

Referencias bibliográficas

- ALGA = Instituto da Lingua Galega (1990, 1995): *Atlas lingüístico galego*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa. Vol. I, 2 tomos: Morfoloxía verbal, coordinado e redactado por F. Fernández Rei; vol. II: Morfoloxía non verbal, coord. por R. Álvarez.
- ÁLVAREZ, Rosario (2003): «Enfiando doas: o cultivo do galego nos séculos XVI e XVII», *Galicien Magazin* 14, pp. 33-39.
- ÁLVAREZ, Rosario / Xosé Luís RODRÍGUEZ MONTEDERRAMO (2005): «Escrita epistolar en galego: a correspondencia de Don Diego Sarmiento de Acuña, I Conde de Gondomar (1567-1626) (II)», *Boletín da Real Academia Galega* 366 (2005), pp. 225-304.

- ÁLVAREZ, Rosario / Xosé XOVE (1998): «Lingua e variación dialectal na Crónica Xeral Galega», en Dieter Kremer (ed.): *Homenaxe a Ramón Lorenzo*. Vigo: Galaxia, pp. 29-58.
- BLANCO DOMÍNGUEZ, Marta (2007): «Breve análisis comparativo de las ideas ortográficas de tratadistas de los siglos XVI y XVII», en Pablo Cano López *et alii* (eds.): *Actas del VI Congreso de Lingüística General. Santiago de Compostela, 3-7 de mayo de 2004*. Madrid: Arco-Libros, vol. III, pp. 2820-2829.
- BLANCO DOMÍNGUEZ, Marta (2012): «Los grupos consonánticos cultos en la teoría ortográfica del español de los siglos XVI y XVII», en Emilio Montero Cartelle (ed.): *Actas del VIII Congreso Internacional de Historia de la Lengua Española. Santiago de Compostela, 14-18 de septiembre de 2009*. Santiago de Compostela: Meubook, vol. 1, pp. 471-480.
- BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel (2013): «A edición da documentación medieval non literaria en Galicia», en Rosario Álvarez / Ana Maria Martins / Henrique Monteagudo / Maria Ana Ramos (ed.): *Ao sabor do texto. Estudos dedicados a Ivo Castro*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 57-76. ISBN: 978-84-15876-15-1. <<http://hdl.handle.net/10347/9485>>.
- CALDELAS COLODRÓN, Manuel Ángel (2008): *Quevedo en la polémica del patronato jacobeo. Estudio del Memorial por el Patronato de Santiago y de Su espada por Santiago de Francisco de Quevedo*. Vigo, Editorial Academia del Hispanismo.
- CDOSEIRA = ROMANÍ MARTÍNEZ, Miguel *et alii* (1993): *Colección diplomática do mosteiro cisterciense de santa María de Oseira (Ourense) 1310-1399*. Santiago de Compostela: Tórculo Edicións.
- CDROCAS = DURO PEÑA, Emilio (1972): *El Monasterio de S. Pedro de Rocas y su colección documental*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos «Padre Feijoo».
- CDSCLODIORIBEIRO = LUCAS ÁLVAREZ, Manuel / Pedro LUCAS DOMÍNGUEZ (1996): *El monasterio de San Clodio do Ribeiro en la Edad Media: estudio y documentos*. Sada / A Coruña: Edicións do Castro.
- FERNÁNDEZ REI, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- FITA, Fidel / Aureliano FERNÁNDEZ GUERRA (1880): *Recuerdos de un viaje a Santiago de Galicia*. Madrid: Imp. de los Sres. Lezcano y Comp.
- LÓPEZ ALSINA, Fernando (2004): «De Santa Eulalia de Iria Flavia a Santiago de Padrón: la transformación medieval», en Manuel C. Díaz y Díaz (coord.): *Escritos dedicados a José María Fernández Catón*. León: Centro de Estudios e Investigación «San Isidoro», vol. II, pp. 819-868.
- LORENZO, Ramón (1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Vol. II. Glosario. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo.

- LORENZO, Ramón (2004): «Edición de documentos medievais. Problemas que presentan algunhas abreviaturas», en Rosario Álvarez e Antón Santamarina (eds.): *(Dis)cursos da escrita. Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, pp. 449-458. Biblioteca Filolóxica Galega – Instituto da Lingua Galega.
- MACKENZIE, David (1975): *A critical edition, with historical and linguistic introduction, of the Corónica de Santa María de Iria*. Tese de Doutoramento. Nottingham.
- MACKENZIE, David (1988): «¿Unha Crónica en galego de Xan Rodríguez do Padrón?», en Vicente Beltrán (ed.): *Actas del I Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval: Santiago de Compostela, 2 al 6 de diciembre de 1985*. Barcelona: Promociones y Publicaciones Universitarias, pp. 419-422.
- MAIA, Clarinda de Azevedo (1986): *História do galego-português. Estado linguístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (com referência à situação do galego moderno)*. Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica.
- MARIÑO PAZ, Ramón (2004): «Diacronía da formación do plural dos nomes oxítonos galegos terminados en /l/ no singular», en Ana Maria Brito / Olívia Figueiredo / Clara Barros (org.): *Linguística histórica e historia da lingua portuguesa. Actas do Encontro de Homenagem a Maria Helena Paiva, Faculdade de Letras da Universidade do Porto, 5-6 de novembro de 2003*. Porto: Faculdade de Letras da Universidade do Porto, pp. 169-195.
- MARIÑO PAZ, Ramón / Margarita SÁNCHEZ YÁÑEZ / Damián SUÁREZ VÁZQUEZ (2012): *O romance da urca de Santo Antón (1777). Poesía en galego no Ferrol do século XVIII*. A Coruña: Fundación Barrié. Biblioteca Filolóxica Galega – Instituto da Lingua Galega.
- MONTEAGUDO, Henrique (1996): «Noticia dun texto prosístico en galego do século XVII», en R. Lorenzo / R. Álvarez (eds.), *Homenaxe á Profesora Pilar Vázquez Cuesta*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 351-375.
- NORMAS 2003 = Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega (2003): *Normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega*. [Vigo]: ILG/RAG [18ª edición]. <<http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/normasrag.pdf>, <http://www.consellodacultura.org/arquivos/cdsg/docs/normativa.pdf>>.
- OTERO ROMERO Y TORRES, Pedro (2011): *Historia da Santa Igrexa de Iria: manuscrito galego do século XVIII*. [1713] Edición e introdución de Bieito Arias e Camiño Noia. Vigo: Universidade de Vigo.
- SANTAMARINA, Antón (2008): «A pegada relixiosa na toponimia galega. I. Edificios relixiosos», en X. L. Axeitos, Emilio Grandío Seoane e Ramón Villares (eds.), *A patria enteira: Homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / RAG / USC, pp. 935-949.

- SARMIENTO, Martín (1973): *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*. Edición de J. L. Pensado. Salamanca: Universidad de Salamanca.
- SOUTO CABO, José António (2001): *Rui Vasques. Crónica de Santa María de Iria*. Santiago de Compostela: Cabido da S.A.M.I. Catedral / Seminario de Estudos Galegos. Sada: Edición do Castro.
- TATO PLAZA, Fernando R. (1998): «Breve contribución á historia dos resultados de DICÈRE en galego», en Dieter Kremer (ed.), *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, II, Vigo: Galaxia, pp. 721-734.

Webs

- CAG = *Cartografía dos apelidos galegos*. Dirs.: Ana Isabel Boullón Agrelo / Xulio Sousa Fernández. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.es/cag/>>. Data de consulta: 15/11/2014.
- DDD = *Diccionario de diccionarios*. Dir.: Antón Santamarina. <<http://sli.uvigo.es/DdD/index.html>>. Data de consulta: 15/11/2014.
- DDGM = *Diccionario de diccionarios do galego medieval*. Coord.: Ernesto González Seoane. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://sli.uvigo.es/DDGM/>>. Data de consulta: 15/11/2014.
- NG = Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia (2003): *Nomenclátor de Galicia*. Xunta de Galicia. Consellería da Presidencia. <<http://www.xunta.es/nomenclator/>>.
- PTG = *Proxecto Toponimia de Galicia*. <<http://sitgaideg.xunta.es/buscadoravanzado/>>. Data de consulta: 15/11/2014.
- TILGA = *Tesouro informatizado da lingua galega*. Dir.: Antón Santamarina. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.es/TILG/>>. Data de consulta: 15/11/2014.
- TMILGA = *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (ILG)*. Dir.: Xavier Varela. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.es/tmilg/valida.php>> ou <<http://sli.uvigo.es/xelmirez/>>. Data de consulta: 15/11/2014.